



Arrolo

[Durme pe]queniño
ca tranca no cu,
morreron os vellos todos
quedaremos eu i-e tu.

Suceso

E manda carallo
e carallo manda
i o da navalliña
éche o cura da Chaira.

E o San Benitiño
co ollo redondo
empezou no alto
i acabou no fondo.

O San Benitiño
un santo milagreiro
alogouselle a cabra
ó pé do rigueiro.

Éche o de Armesinda
e tamén a Julia
i a do Sibano
é i-unha bambulía (?)

E manda carallo
e carallo manda
i o da navalliña
éche o cura da Chaira.

Todo o noso pueblo
é de boa masa
come como un corzo
e ter, ten na casa.

Unha é Consuelo
i outra é a Rosa
i a das catiuscas
a máis cariñosa.

E manda carallo...